

Alá no cabo do mundo,  
no país onde o vento dá a volta,  
vivía unha pequena cebra chamada Camila.

Como naquel lugar o vento era tan revirado,  
Camila tiña que andar con moito coidado  
para non perder as súas vestiduras.





A súa nai dicíalle sempre que non saíra da casa sen o cueiro e os tirantes, pero Camila cada día era máis grande e os tirantes e o cueiro xa empezaban a incomodala.




Camila soñaba con deitarse na herba sen aqueles trebellos axustados. Tamén soñaba que o vento a levaba a rolos polos campos.

Un día, Camila saíu da casa  
sen atender os consellos da súa nai e ...

¿que foi o que pasou?

Pois que, por arte de reviravento, deixou de ser unha ceبرا listada  
e converteuse en algo parecido a unha mula branca  
con camisola a raias.

Ao verse así, branca e esfarrapada, Camila botouse a chorar.



Camila chorou os sete chorares polas súas raias.

Logo quedou pasmada, mirando para unha serpe que estaba a mudar a camisa.



- ¿Por que choras? -preguntoulle a serpe.

- Porque o vento bandido me esfarrapou o vestido  
-contestou ela, saloucando.

- Achégate un pouco.  
Dareiche un anel para que o poñas nunha pata  
-díxolle a serpe

(que parecía estar ao tanto de moitas cousas caladas).

Camila seguiu andando cun anel nunha pata...  
e un pouco menos de pena.

Chorou seis bágoas polas raias que lle faltaban.


Logo quedou pasmada, mirando un caracol  
que tiña os cornos ao sol.

- ¿Por que choras? -preguntoulle o caracol.

- Porque o vento bandido me esfarrapou  
o vestido -contestou ela, saloucando.



- Subirei no teu bandullo e fareiche ao redor  
unha listiña de prata que che irá que nin pintada.



Camila seguiu camiñando,  
cun anel nunha pata, unha listiña de prata...  
e un pouco menos de pena.


Como estaba preocupada, viñéronlle  
as ganas de chorar e botou outras cinco bágoas.

Logo quedou pasmada, contando as cores do arco da vella.

- ¿Por que choras? -preguntoulle o arco da vella.

- Porque o vento bandido me esfarrapou  
o vestido -contestou ela, saloucando.

- Achégate un pouco. Botareiche un remendo azul,  
fresquiño como unha seda de primavera.



Com ela seguiu andando,  
cun anel nunha pata, unha listiña de prata,  
un lindo remendo azul... e un pouco menos de pena.

Chorou **catro** bágoas máis polas raias que lle faltaban.

Logo quedou pasmada, mirando para unha araña  
que estaba a tecer un pano.

- ¿Por que choras? -preguntoulle a araña.

- Porque o vento bandido me esfarrapou  
o vestido -contestou ela, saloucando.

- Achégate un pouco. Tecereiche unha arañeira de tule  
e o teu traxe será máis elegante.

Camila botou a andar de novo,  
cun anel nunha pata, unha listiña de prata,  
un lindo remendo azul, unha arañeira de tule...  
e un pouco menos de pena.

Choromicou tres bágoas polas raias que lle faltaban.



Logo quedou pasmada, escoitando unha chicharra  
que estaba tocando unha melodía.

- ¿Por que choras? -preguntoulle a chicharra.

- Porque o vento bandido me esfarrapou  
o vestido -contestou ela, saloucando.

- Achégate un pouco.  
Dareiche unha corda do meu violín  
e terás un aire musical.





Camila seguiu andando,  
cun anel nunha pata, unha listiña de prata,  
un lindo remendo azul, unha arañeira de tule,  
unha corda de violín...  
e un pouquichinho de pena.

Case chegando á casa, chorou dúas bágoas polas raias que lle faltaban.

Logo quedou pasmada, mirando para unha oca que coxeaba dun pé  
porque lle mancaba un botín:

- ¿Por que choras? -preguntoulle a oca.

- Porque o vento bandido me esfarrapou o vestido  
-contestou ela, saloucando.

- Achégate un pouco.  
Atareiche no lombo un amalló de botín  
e iremos as dúas moito mellor.



A oca marchou feliz, descalza do pé que tiña machucado.

Camila xa levaba andado moito camiño cando, por fin, chegou á súa casa, cun anel nunha pata, unha listiña de prata, un lindo remendo azul, unha arañeira de tule, unha corda de violín, un amalló de botín... e un case nada de pena.

A nai cebra estaba sentada na porta.

Cando Camila se achegou a ela, aínda tiña unha bágoa esvarándolle por un olliño.



- ¿Onde te metiches, Camila, que non te atopaba?

- O vento...

(A nai de Camila fixo coma quen que a non escoitaba porque tiña ganas de dicirlle algo moi importante)

- Escoita Camila: xa estás moi grande, así que vai sendo tempo de esquecer os tirantes e o cueiro.

Ao decatarse da bagulla que lle esvaraba dun ollo, a nai consolouna:

- Non chores. Fíxenche das miñas crinas unha fita moi longa para adornar a túa melena.



Camila, que xa medrara case unha cuarta,  
púxose nas puntas dos pezuños e deulle a súa nai  
un abrazo grande grande, sen cueiro nin tirantes.

E estirouse toda para lucirse mellor  
e para que a súa nai a vise ben,  
cun anel nunha pata,  
unha listiña de prata,  
un lindo remendo azul,  
unha arañeira de tule,  
unha corda de violín,  
un amalló de botín,  
unha fita na melena...  
e sen nadiña de pena.

